

Camiño da fenda

Era unha fría tarde de inverno, en Sarria. Deixou a medias o concurso da tele que tanto lle gustaba e colleu o seu vello callao.

Ao saír á rúa, os seus ollos albiscaron as dúas liñas de luces paralelas que se vían na cheminea daquela fábrica onde tantos anos botara traballando e á que nunca quixo voltar. Non parou. Renqueando, os seus pasiños cortos pero decididos levárono cara á estación do tren, onde nos seus tempos mozos ía pasear arriba e abaixo agardando aqueles trens cargadiños de viaxeiros e que agora chegaban cheos de peregrinos totalmente equipados.

Nestes intres, os escaparates e as luces do Nadal enchían unhas rúas que para el aínda seguían sendo familiares, pero sobre as que os seus ollos xa non conseguían enfocar o que el quixera volver a ver.

Xa todo cambiara, pero aínda puido identificar algúns recunchos que foran enchendo a súa vida: o bar Polo, onde acostumaba botar a partida, a nave da fábrica de galletas Barreal, que cada vez que cocía enchía co seu arrecendo toda a vila, o Banco Pastor, onde abrira a súa primeira cartilla coas 100 pesetas gañadas naquel taller mecánico que xa non existía, o cine Cissa, onde vira a súa primeira película en branco e negro en pantalla grande comendo manises, a praza de Juan María López, onde nas verbenas do San Xoán bailaba pero na que case non se cabía, a tenda de Pintos, onde ía comprar o que precisaba e tan ben o atendían, a praza do Concello, que agora estaba presidida por un rei do que el nunca escoitara falar, a confeitaría Matías, onde celebrara o convite da súa voda con Carmiña cuns pasteliños e un viño Sansón....

“Eran outros tempos, non se podía e non había que aparentar o que non se era”, pensou. Aínda lembraba o sabor daquela milfollas que logo o médico lle prohibiu como bo larpeiro que era. *“Mire, don Manuel, de algo hai que morrer, eu viño non bebo, así que por comer unha larpeirada tampouco vai pasar nada”*, díxolle todo cheo de razón a derradeira vez que foi a consulta.

E alí seguía: *“Matías Locanda”* poñía agora xunto á porta do local, reconvertido nun albergue e restaurante no que puxeron que buscaban clientes con ou sen experiencia. *“Teñen gracia estes mesoneiros”*, pensou tras pasar por diante da igrexa do Salvador agora tan relucinte.

Parou a coller folgos, ollou cara arriba e sentiuse satisfeito. As letras xigantes co nome do seu pobo pareceronlle unha boa idea, non fora ser que alguén esquecera de onde era cando a cabeciña xa case non rulaba.

E por fin chegou, alí estaba, debuxada darriba abaixo no Torreón da Fortaleza, ben delimitada, agardando que alguén se colara por ela como os paxaros que agora a habitaban. Deixou que o silencio chovera luz sobre a fenda, agatuñou como puido por un camiño de terra que subía ata ela e xa nada puido detelo. Dende alí, agora, aquel homiño tamén era fenda.